



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA A INCORPORACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO AO CONTRATO CENTRALIZADO PARA O SERVIZO DE COMUNICACIÓNS POSTAIS E TELEGRÁFICAS DA XUNTA DE GALICIA.

1.- Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de contratación centralizada. O Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 aprobou o catálogo de medios e prestacións que serán susceptibles de contratación centralizada.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a contratación centralizada dos servizos postais e telegráficos

2.- **Antecedentes:** O artigo 20.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, sinala que o Consello da Xunta creará unha comisión interdepartamental que determinará, no ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público, as subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que, polo seu carácter común, se poidan contratar de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos.

O artigo 20.5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, establece que as entidades locais, universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poderán adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados, con data 18 de marzo de 2016, asinouse coa *Universidade de Vigo* o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos contados dende o día seguinte á data de sinatura, sen prexuízo da posibilidade de prorrogalo polo tempo que as partes estimen conveniente.

O convenio ten por obxecto o establecemento das bases e condicións mediante as que a *Universidade de Vigo* se incorpora ao contrato centralizado para o servizo de comunicacións postais e telegráficas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:





O Consello da Xunta celebrado o 20 de febreiro de 2014, acordou a creación dunha comisión interdepartamental que, entre as súas funcións, asumiu elaborar a proposta deste catálogo único, que integre os de todos os órganos da administración xeral e do sector público autonómico.

O anexo II do acordo do Consello da Xunta, de 18 de setembro de 2014, sinala como prestación susceptible de contratación centralizada os servizos postais e telegráficos e establece como departamento encargado da contratación a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

o artigo 205.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, contempla a posibilidade de que as entidades do sector público se adhiran aos sistemas de contratación centralizada establecidos polas Comunidades Autónomas mediante a formalización do correspondente acordo.

6.- O presente convenio carece de contido económico.

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2016

A secretaria xeral técnica

Beatriz Quiña Barja



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración para a incorporación da Universidade de Vigo ao contrato centralizado para o servizo de comunicacións Postais e Telegráficas da Xunta de Galicia*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 18 de marzo de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.

